

Artes escénicas, artes visuais, mesas de reflexión.




A cultura en xeral e cada unha das súas diferentes prácticas artísticas é un ámbito privilexiado para favorecer o progreso social. Dende esta perspectiva, a arte pode ser entendida como factor vital na construción e fortalecemento da comunidade e da identidade individual e persoal. É un artigo de primeira necesidade para toda a cidadanía e unha ferramenta para que as persoas máis desfavorecidas atopen formas de representación e visibilidade da súa realidade.

É por isto que hoxe, momento marcado especialmente pola crise e a desigualdade, é unha necesidade realizar proxectos culturais para a diversidade.

Concibida como unha iniciativa transformadora, o proxecto "Artes pola Integración", é un exercicio de responsabilidade para por en mans dos distintos grupos sociais, as plataformas, iniciativas e ferramentas necesarias coas que comunicarse.

Tamén pretende ser unha plataforma para que as institucións e organizacións vinculadas aos territorios de exclusión, deixen de ser espazos endogámicos e se abran a proxectos menos reclusivos; unha cita multifacética e integral dende a que entablar diálogos e complicidades, onde convivan persoas diversas traballando en comunidade, onde os centros e asociacións proxecten iniciativas artísticas máis profundas e potencien os talentos das persoas que os habitan.



A inclusión social vincúlase ao desenvolvemento das capacidades individuais, sen ter en conta a etiqueta física ou psicolóxica, para facilitar o acceso a oportunidades ao longo da vida e, por ende, ao benestar social e cultural, ás redes relacionais, á presenza no espazo público, á convivencia e traballo con outros colectivos de artistas e á autorepresentación da súa realidade, afirmando a identidade individual e grupal e mellorando a capacidade de estar no mundo, para existir como suxeito o exercicio da súa liberdade.

VIII ENCONTRO ARTES POLA INTEGRACIÓN

Temática: Abandono - Arte

**Do 27 ao 29
de setembro,
A Coruña.**



Patrocinadores: Corporación Hijos de Rivera, Gadisa, Concellería de Cultura, Deputación de A Coruña, Fundación Emalcsa.

Venres 27

20:00 -----

"Palabras que habitan corpos".

Presentación de foto-libro (Vari Caramés, Andrés Vilas e Agustín Sanoguera), **e espectáculo de danza** na Fundación Luis Seoane. Patrocinado pola Concellería de Política Social de Santiago de Compostela. Artes Inclusivas.



21:15 -----

Intervención de Rebeca Ponte no fronte dunha casa abandonada. Convocatoria na Praza da Constitución, Cidade Vella. Parte do proxecto Abandono-Arte.

"Danza Líquida". Carlota P. y Rebeca Ponte.



Sábado 28

Mesas de Reflexión na Fund. María José Jove.

De 11h a 14h -----

- Rebeca Ponte. **Arte e Oncoloxía.** "Arteterapia" para doentes de unidades oncolóxicas.

- **"Transformación a través de procesos creativos nas prisións".**

- Carlota Pérez y Adriana Paulos. **Procesos creativos en comunidades diversas.** Proyecto Compañía 5s.

- Teresa Ubeira e Equipo Proxecto Neuropedagógico. Escola O Pelouro. **"Educación Inclusiva. Artes como ferramenta transformadora".**

- Fundación Emalcsa. **"A importancia do apoio público e privado en proxectos comunitarios".**

- Betania Mendoza. Danza Comunitaria. **"Promoción da convivencia na diversidade".**



19:00 -----

Proxecto Abandono - Arte. As Xubias e Antigo Sanatorio de Oza. Convocatoria do público na Praia de Oza.

- **Mostra da peza de danza "Límites".**

- **Mesa redonda con Dani Vieito** e protagonistas do seu traballo fotográfico.

- **Intervención de Mercedes Peón** no espazo e mostra do traballo feito coa comunidade.

Domingo 29

Centro Ágora.

De 12h a 14h -----

- **Presentación do fotolibro de Dani Vieito.** Proxeccións.

- **Curso de SicoDanza para profesionais.** Amelia Coppel e Gonzalo Negreira. Necesítase reservar. Inscripción: copellia@gmail.com 633231011



- **Mostra dos traballos realizados polos rapaces do #SacraCinema.** Dirixido pola documentalista cubana Alejandra Aguirre.